

**SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE.**

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día vinte e cinco de abril de dous mil doce, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para taratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia do Sr. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. Andres Manuel Caballero López , D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Pablo Rivera Capón , D. Oscar Rodríguez Somoza, D. Carlos Fernández Díaz . D. Dario Antonio Piñeiro López, D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL DOCE.**

**2º.-DECRETOS Nº 33 - 78.**

**3º.-DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DEZ DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE.**

**4º.-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 2, POR IMPORTE DE : 18.281,10 €.**

**5º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL,, DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA.**

**6º.-PROPOSTA DO SR. ALCALDE SOBRE HONORARIOS POR TRABALLOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**7º.-DESAFECTACIÓN CAMIÑO DA FONTE EN VILLÁDIGA-RIO.**

**8º.-CONVENIO DE COLABORACIÓN AEAT-FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECAUDATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS.**

**9º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL DOCE.**

Visto o borrador da acta de sesión celebrada o día trinta de marzo de dous mil doce este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2º.-DECRETOS Nº 33 - 78.**

Vistos os decreto nº 33 - 78, ambos inclusive.

Por parte do Concelleiro D. Dario Antonio Piñeiro López, pide aclaración do decreto nº 44 que se lle explique o consumo de 441,12 €, correspondente ó vehículo 8102-FDD.

**3º.-DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DEZ DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE.**

Despois de deliberar sobre o asunto e facer as aclaracións oportunas o Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Ratificar o acordo da Xunta de Goberno sobre aprobación do convenio entre o Concello de Láncara e a Asociación de empresarios da 1ª Transformación da madeira de Lugo.

2º.-Deixar sen efecto o acordo do Pleno en sesión celebrada o día 20-12-2011, suprimindo o límite de tonelaxe para a saca de madeira

**4º.-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 2, POR IMPORTE DE : 18.281,10 €.**

Visto o recoñecemento extraxudicial.

Vistas a relación de facturas que a continuación se relacionan:

9.22 Servicios Mosteiro-Puebla, fac. nº 48,NIF:B27213446, centros Flores e bodas de ouro, data 24-10-11 .....237,60

9.22 Servicios Mosteiro-Puebla, fac. nº 49,NIF:B27213446, festa Doas maiores e centro flores, data 24-10-11 .....108,00

3.22 Servicios Mosteiro-Puebla, fac. nº 1114,NIF:B27213446 reposición cristais ximnasio colexio,data 28-12-11 .....97,00

3.22 Servicios Mosteiro-Puebla, fac. nº 1065,NIF:B27213446 Planilux, clarglass,pvc,stadip, para colexio de Pobra,data 24-10-11 ...409,61

9.22 Dunid, S.L., fac. nº 2.012, NIF:B27111715, mantemento mes Decembro 2011,data 27-12-11 .....206,50

1.21 Canteras de Muro,S.L.,fac. nº 1707, NIF:B27100973, materiais para reparación aceras en Urbanización Valdriz,data 30-12-11 .....35,94

4.22 Canteras de Muro S.L., fac. nº 1706,NIF:B27100973,materiais para Larin, data 30-12-11 .....73,50

3.22 Liragram España, S.L.L., fac. nº A/1017225, CIF:B83513481 materiais adorno carroza de reis (suplido Mª Jesús),data 14-12-11 .....	202,57
1.22 Manuel López López Ins. Monta. Elec. fac. nº 4196, CIF:P27145846 Instalación puntos de luz en Veiga de Anzuelos, Ariz e Carracedo, data 29-12-11 .....	1.211,25
9.22 Foga,fac. nº 95008160, impresiones color i negro datas 01-12-2011 a 31- 12- 2011, data 29-12-11 .....	32,19
1.22 Limpergal,fac. nº 21116,CIF:B27141159, recollida envases lixeiros decembro 2011,31-12-11 .....	300,00
1.22 Luís Díaz Méndez,fac. nº 802,CIF:76615964C,arranzo cuberta vehículo LU-9006-P, 31-12-11 .....	17,70
1.22 Sogama, fac. nº 3328,CIF:A15379803, tratam. lixo decembro Data 31-12-11 .....	5.599,82
9.22 Prelo, Fac. nº 1100007292,CIF:B27021237, boligrafos,toral fluor varios colores, porta calendarios,31-12-11 .....	237,95
1.22 J. Salvador Bande Rivas,fac. 173,CIF:33834608-K, plaqueta Aceras Praias de Valdriz,29-12-11 .....	539,32
3.22 J. Salvador Bande Rivas, fac. 174,CIF:33834608-K, placas de aislante cabalgata de Reis data 29-12-11 .....	88,50
2.22 El Progreso,fac.7-4638,CIF:B27000637, 200 exemplares Xuntanza Maiores ,data 15-05-11 .....	208,00
2.22 Reboleira S.L., fac. nº 43,CIF:B27014505, viaxes excursión Maiores a distintos puntos do Concell,data 30-09-11 .....	1.976,40
1.22 Churrillo S.L.,fac. 1751,CIF:B27021195,chave impacto e xogo vasos de impacto-6PZAS,data 30-11-11 .....	211,05
1.21 Churrillo S.L.,fac. 529,CIF:B27021195, reparación tractor cabeza articulación,reparar barra dirección e disco rueda ,data 4-12-11 .....	189,33
2.22 Reboleira S.L., fac. nº 44,CIF:B27014505, viazas as praias (10.989,00, recaudado 4.705,00) a pagar polo Concello, data 30-09-11 .....	6.284,00
3.22 Servicios Mosteiro-Puebla, fac. nº 1067,NIF:B27213446, Cristales Club Fluvia (38,02, factura nº 1180 -23,15) a pagar, Data 24-10-11 .....	14,87
<b>TOTAL RECOÑECIMIENTO .....</b>	<b>18.281,10.</b>

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta (6 de 11), ao votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. a 1 do CDL e abstendose os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e o Concelleiro do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó recoñecemento extraxudicial Nº 2/2012, por importe de: 18.281,10 €, correspondente as facturas relacionadas anteriormente, con cargo ao remanente de Tesorería, Suplemento de Crédito Nº 2/2012.

2º.-Expoñelo ao público no B. O.P., polo prazo de quince días hábiles.

3º.-Pagar ditas facturas preferentemente, con cargo ao orzamento do 2012, unha vez suplementado, antes os gastos corrientes do ano 2012.

### **5º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL., DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Visto o expediente epigrafiado.

Polo Sr. Alcalde informase que o documento que se aprobou no Pleno do 29 de marzo tiña omisións de moitas construcións en torno a 300: , mandandollas ler ao Secretario, quen da lectura das modificación por parroquias, co seguinte detalle: Armea (San Pedro):11; Bande (San Pedro):4; Carracedo (San Vicente): 22; Cedrón (Santiago):42; Gallegos (Santa Mariña):6;Lagos (Sant<sup>a</sup> Eulalia):6; Lama (Santa María):8; Láncara (San Pedro):29; Larín (San Salvador):1;Monseiro (San Miguel):5;Muro (S. Xoan):10; Neira (Santa María):4; Oleiros( San Martiño): 18; Pobra de San Xian (San Xiao):23; Río (San Martiño):10; Ronfe (San Pedro):17, Souto(San Tiago): 9; Toirán (O Salvador):17; :Toldaos (San Vicente):1; Touville (Sta María):10; Trasliste (S. Xoan):9;Villaesteva (St<sup>a</sup> María):9; Vilaleo (St<sup>a</sup> María):3;Vilambrán (Santa María):0; Vilarello (San Pedro):11 e Vilouzán (San Estevo):8, polo que pareceu necesario e convinte revisar esta documentación e volver traer o documento o Pleno para a súa aprobación, xa que si ven no sustancial non variou nada a hora de incorporar tantas construcións, que se omitirán, incluso algunhas moi antigas, parece necesario que se volte a tratar no Pleno.

Por parte do Voceiro do PSG-PSOE D. Dario Antonio Piñeiro López, manifesta que se alegra de que esto se revisara, e que xa o dixo él no anterior Pleno, pero así e todo inda hai moitos fallos: camiños mal trazados nos núcleos rurais, xa que se omiten os públicos e poñense os privados, pero parece lóxico que este documento se lle de para diante, para que se aprobe dunha vez por todas, mentres unha comisión podería ir correxindo os erros existentes. Non obstante quere facer constar que como o Plan está tan mal feito, rematará no Xulgado.

Polo Sr. Alcalde respontaselle que poída que exista algún erro, pero no esencial vai todo ben e que non é hora de nomear comisión, xa que se debe aprobar e enviar a Santiago e si algo hai que correxir a instancia de Urbanismo, pode ser o momento de nomear esta comisión.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta (6 de 11) ao votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. a 1 do CDL e abstendose os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e o Concelleiro do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Láncara, que servirá para aprobación definitiva.

2º.-Remitir xunto co documento aprobado, o expediente completo á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Secretaría Xeral de Urbanismo).

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **6º.-PROPOSTA DO SR. ALCALDE SOBRE HONORARIOS POR TRABALLOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

Vista a proposta do Sr. Alcalde, que copiada literalmente di:

#### **“PROPOSTA DO ALCALDE SOBRE HONORARIOS POR TRABALLOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM).**

Visto que por D. Rafael Crecente Maseda, representante do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Láncara o día 2-04-2012, presentase neste Concello unha proposta económica de traballos a maiores no PXOM de Láncara non contemplados no contrato inicial, por importe de 8.400,00 € + IVE.

Visto que ese mesmo día por parte desta Alcaldía considera esta proposta económica moi elevada e propón a cantidade de 4.200,00 € + IVE, cantidade que en principio se considerou aceptar

Visto que o día 16-04-2012 se presenta nova proposta económica, por importe de 6.400,00 €+IVE.

Visto que o día 30 de marzo de 2012, aprobouse o plan de axuste para os próximos 10 anos, no que non se recollen estas cantidades xa que non había constancia das mesmas.

En base a todo canto antecede propón o Pleno que se probe a cantidade inicialmente ofertada de 4.200,00 € + IVE e pagar en dúas anualidades ó 50% cada ano.”

O Pleno por unanimidade,

#### **ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación a proposta da Alcaldía, polo que se aproban uns honorarios de 4.200,00 + I.V.E, polos traballos feitos a maiores dos recollidos no Prego de condición e do contrato administrativo, incluíndo os posibles traballos que axa que facer por modificacións que propoña a Secretaría Xeral de Urbanismo.

2º.-Aboar dita cantidade de 2.100,00 € con cargo ó presuposto do exercicio 2012 e 2.100,00 € con cargo o presuposto do exercicio 2.013, en base ao plan de axuste aprobado.

3º.-Solicitar a Secretaría Xeral de Urbanismo unha subvención para facer fronte este gasto.

## **7º.-DESAFECTACIÓN CAMIÑO DA FONTE EN VILLÁDIGA-RÍO.**

Vista a memoria da Alcaldía, que literalmente di:

“Antonio Rivera Arias, veciño de Villádiga, parroquia de San Martín de Río, propietario dunha explotación gandeira sita no citado lugar, solicitou o traslado do camiño público que transcorre entre as súas parcelas 245 e 236 do polígono 21 do Catastro de Rústica e que une a pista asfaltada que conduce de Villádiga a Armillán, con outro camiño público que vai dende a Capela de Villádiga a Toldaos, este sen asfaltar, ó obxecto deste cambio e mellorar o propio camiño público nas fincas afectadas o pasar dun ancho aproximado de 3 metros a 5 metros, así como a mellorar a súa explotación, de tal maneira que lle permitiría agrupar as dúas fincas, agora separadas polo citada comiño, o que facilitaría un mellor manexo de maquinaria agrícola.

A cambio propon ceder terreo suficiente no lindeiro sureste da súa parcela 236 do polígono 21, a cesión do seu limite con parcela 220 do polígono 21 para construír un novo camiño que da mesma maneira que o fai o actual, pero máis ancho, que comunica a pista asfaltada que conduce de Villádiga a Armillán, con outro camiño público que vai dende a Capela de Villádiga a Toldaos.

Dende o punto de vista desta Entidade Local, non existe inconveniente á apertura do novo camiño, previos os tramites correspondentes, xa que se da servizo igual ó existente, pero mellorando o seu ancho.

Por todo canto antecede, propono o Pleno:

Que se acorde inicialmente a desafectación da vía citada, co fin de que unha vez obtida a pertinente autorización autonómica, se enaxene mediante permuta a D. Antonio Rivera Arías”

Visto que D. Antonio Rivera Arías, co fin de agrupar as parcelas 236 e 245, do polígono 21, ofrecendo a cambio permutar o citado comiño unha vez desafectado, por unha superficie de terreo sito no extremeiro Leste da parcela 236, para facer un novo camiño que substitúa o anterior, tal como se recolle na memoria técnica que obra no expediente.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López propón que este camiño debíase abrir na súa totalidade ata Toldaos e que se vai abster en espera do que digan os veciños.

Por parte do Sr. Alcalde respostaselle que o único que se trata e de desafectar o camiño o seu paso por unha finca, variando o seu traxecto, e o resto do camiño que xa hai moitos anos que o intentou abrir e non foi posible por falta de terrenos.

Despois de discutir este asunto o Pleno por maioría absoluta (6 de 11) ó votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. a 1 do CDL e abstendose os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e o Concelleiro do BNG,

**ACORDOU:**

1º.- Aprobado inicialmente a desafectación do camiño que descurre entre as parcelas nº 236 e 245 do polígono 21 (camiño da Fonte en Villádiga), a petición de D. Antonio Rivera Arias.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 8 do Decreto 1372/ 1986, de 13 de xuño que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o expediente expoñelo a información pública cos efectos de exame e alegacións durante o prazo dun

mes a contar dende o día seguinte a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **8º.-CONVENIO DE COLABORACIÓN AEAT-FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECAUDATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS.**

Visto o convenio epigrafiado.

Visto que este convenio facilitará a labor administrativa a hora de solicitar informes e certificacións necesarios para exilizar expedientes, de maneira especial os que están promovidos pola Traballadora Social.

O Pleno, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Prestar aprobación o convenio de colaboración AEAT-FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recaudatoria coas Entidades Locais.

### **9º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS:**

O Concelleiro D. Dario Antonio Piñeiro López, roga que se fagan as xestións para o Dr. Peña Guitián, que salvou moitas vidas entre elas a miña, sexa nomeado Fillo Predilecto de Láncara, ao igual que xa se fixo con outras personalidades. Que na actualidade estase a homenaxear en Lugo.

Por parte do Sr. Alcalde contestalle que é un tema que el xa tiña previsto tratar neste Pleno, estando invitado a ir o día 26 a 13,30 a conferencia que dará este profesional en Lugo, polo que fai extensiva a invitación a tódolos Concelleiros que queiran asistir a mesma.

O nomeamento de Fillo Predilecto iniciaranse as xestións ó igual que se fixo con outros persoeiros antes de ser nomeados.

Roga abrir a totalidade do camiño de Toldaos que eu ofrezco os terreos a compensar polos terreos que teñan que dar os veciños para ensanchalo.

Roga que non se quiten placas dos locais oficiais donde constan as datas de inauguración, como se fixo recentemente no colexio de Armea de Arriba, porque eu cando fun Alcalde recibin moitas presións incluso para retirar a foto do actual Alcalde do Salón de Plenos e nunca accedín a eses chantaxes.

Respostalle o Sr. alcalde que é un tema totalmente novo para el e que non é coñecedor de que se retirara esa placa.

**PREGUNTAS:**

O Concelleiro D. Carlos S. López Sierra pregunta ¿Cómo está o tema da guardería que se ía facer na Pobra?

Contestandolle o Concelleiro D. Andre M. Caballero López que non se trataba dunha guardería, senon do PAI (Punto de Atención a Infancia), esta parado por problemas de diñeiro.

O Sr. Alcalde manifesta que debido as persoas que habería que contratar sería un asunto costoso para o Concello.

O Concellerío D. Dario A. Piñeiro López pregunta ¿Polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 10-04-2012, escrito de Gerardo Sobrado e do Secretario?

Respostalle o Sr. Alcalde que é un asunto que está zaxado na última xunta de Goberno.

Reiterando Sr. Dario que dí o Secretario-Intervento sobre eso.

Respostaselle por éste que el xa o fixo por escrito.

Preguntalle ó representante do CDL, xa que viu nos medios de comunicación que fixera unha gran labor polo Plan Xeral ¿Qué aportou o CDL a Láncara, como pon na prensa que fixo unha gran aportación ao Plan Xeral?

Contestaselle por éste que era un dos puntos que ía no noso programa e demomento estase cumprindo.

Replicaselle polo Concelleiro Dario A. Piñeiro, que no seu programa ía non suber os impostos, non pactar cos “ vellos” e fixo todo o contrario.

Contestandolle o Concelleiro Carlos Fernández, que no seu programa non falaba para nada de “vellos” e non vai entrar en discusión con él por este asunto porque as notas de prensa que pon, non merecen nin comentario.

Polo Sr. Alcalde sen entrar en polémica de aportacións hai que recoñecer que neste Pleno está aportando co seu voto que se aprobe o Plan Xeral, xa que cos votos dos Socialistas non se aprobaba .

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas trinta minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.



